



Concello
de Nigrán

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS



2ª.—A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos

Artigo 1.—Fundamento e Natureza

De conformidade co previsto no artigo 20 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa pola expedición ou tramitación de documentos municipais a instancia de parte.

Artigo 2.—Feito impoñible

1.—Constitúe o feito impoñible desta taxa, a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, dos documentos que expida e dos expedientes que entenda a Administración ou as autoridades municipais a que se refire o artigo 4º desta ordenanza.

2.—A estes efectos, entenderáse tramitada a instancia de parte, a documentación administrativa que fora provocada polo particular ou redunde no seu beneficio, áinda que non mediara solicitude expresa do interesado.

3.—Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigas fiscais, así como as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos ou de aprazamento / fraccionamento de pago, os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole e os relativos á prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia municipal e a utilización privativa ou o aproveitamento especial de bens de dominio público municipal, que estén gravados por outra taxa municipal ou polos que se esixa un prezo público por este Concello.

Artigo 3º.—Suxeto pasivo e responsables

1.—Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas, nacionais ou extranjeiras, e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que soliciten, provoquen, ou en cuxo interés redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

2.—O presentador ou receptor de documentos gravados, terá, polo só feito desta actuación, o carácter de mandatario do suxeito pasivo aos efectos do cumprimento das obrigas fiscais que se deriven desta ordenanza.



3.—Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

4.—Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 4º.—Base imponible e cota tributaria

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada según a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coas seguintes tarifas:

Concepto	Importe (€)
<i>I. Certificacións e informes:</i>	
1. Informes da policía local (agás, en todo caso, informes de convivencia que serán gratuitos):	
1.1 Que requeriran saída das dependencias municipais	83,00
1.2 Que non requeriran saída das dependencias municipais	10,00
2. Certificados do Padrón municipal de habitantes (excluídos os voantes de empadroamento que serán gratuitos):	
2.1 De unidade familiar do Padrón vixente	6,00
2.2 Individual do Padrón vixente	3,00
2.3 De unidade familiar de padróns anteriores	12,00
2.4 Individual de padróns anteriores	6,00
<i>3. Sobre acordos, expedientes e demás documentos que obren nas dependencias municipais:</i>	
3.1 En trámite	8,00
3.2 Arquivados	12,00
<i>II.—Copias impresas ou fotocopiadas de documentos:</i>	
1. Reproducción cartográfica en papel e demás documentos en xeral, por folla, según tamaño e cor:	
1.1 Tamaño DIN A4	B/N: 0,50 Cor: 1,50
1.2 Tamaño DIN A3	B/N: 1,00 Cor: 3,00
1.3 Tamaño superior a DIN A3, por metro lineal ou fracción (so B/N)	10,00
1.4 En todas as anteriores cando o documento ou expediente orixinal esté arquivado, incrementarase a respectiva tarifa coa aplicación do coeficiente 1,5.	
2. De reproduccións en soporte informático:	
2.1 Até 100 MB	20,00
2.2 De más de 100 MB	40,00
3. Compulsas e copias auténticas de documentos (a engadir ao importe da copia):	
3.1 Pola 1ª páxina	1,50
3.2 Por cada unha das páxinas restantes	0,50
<i>III.—Participación en procesos selectivos de persoal, según grupo de titulación ao que pertence a praza convocada:</i>	
1 Grupo A1 ou equivalente para persoal laboral	35,00
2 Grupo A2 e B ou equivalente para persoal laboral	30,00
3 Grupo C1 ou equivalente para persoal laboral	25,00
4 Grupo C2 ou equivalente para persoal laboral	20,00
5 Outras agrupacións profesionais sen requisito de titulación	10,00





Concepto	Importe (€)
As tarifas de participación en procesos selectivos para a cobertura de prazas con carácter temporal ou eventual, terán unha bonificación do 50 %.	
Os participantes en calquera proceso selectivo que acrediten a súa condición de desempregados, terán unha bonificación do 75 % sobre a tarifa normal ou, de ser o caso, sobre a tarifa xa bonificada polo concepto a que se refire o parágrafo anterior.	
<i>IV.—Outros:</i>	
1 Bastanteo de poder ou autorización	5,00
2 Informe sobre o estado de tramitación dun expediente	10,00

Artigo 5º.—Devengo, Declaración, Liquidación e Ingreso

1.—Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e/ou expedientes suxeitos ao tributo. No seu caso, cando teñan lugar as circunstancias que provoquen a actuación municipal de oficio ou cando ésta se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

2.—O pago da taxa esixiráse, según os casos, no momento de presentación da solicitude ou con carácter previo á entrega das fotocopias, informes e demás documentos requeridos e/ou emitidos.

3.—As cotas serán irreducibles agás no suposto do apartado III das tarifas “Participación en procesos selectivos de persoal, según grupo de titulación ao que pertence a praza convocada”. Neste último caso poderá instruirse procedemento de devolución do 50 % do importe ingresado pola taxa, a solicitude do interesado, cando éste figure na relación de excluídos do procedemento de selección.

4.—A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada en modo algúin polo desestimento ou renuncia do solicitante respecto do servizo ou documento solicitado, calquera que sexa o estado de tramitación no que se atope.

Artigo 6º.—Infraccións e sancións

No relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que correspondan en cada caso, aplicarase o disposto na Lei xeral tributaria e restantes disposicións que a complementan e desenvolven.

Disposiciones finais

1ª. No non previsto na presente ordenanza, serán de aplicación as disposicións contidas no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei xeral tributaria, no Regulamento xeral de recadación e demás normativa xeral de aplicación na materia.



2ª. A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín oficial da provincia, permanecendo vixente nos seus propios termos até que se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles (IBI)

Artigo 1. Natureza e fundamento

1.—O Imposto sobre bens inmobles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmobles sitos no termo municipal de Nigrán, establecido con carácter obligatorio no Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (LRFL).

2.—De conformidade co artigo 59.1.a) da LRFL, o Concello de Nigrán acorda a ordenación deste tributo segundo as normas que contén a presente ordenanza, en concordancia co disposto nos artigos 60 a 77 da LRFL, coa Lei 48/2002 do catastro inmobiliario e restante normativa de aplicación.

Artigo 2.—Feito imponible

1.—Constitúe o feito imponible deste imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos, e sobre os inmobles de características especiais:

- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos aos que esten afectados.
- b) Dun derecho real de superficie.
- c) Dun derecho real de usufructo.
- d) Do derecho de propiedade.

2.—A realización do feito imponible que corresponda, de entre os definidos no apartado anterior pola orde nel establecida, determinará a non suxeición do inmoble ás restantes modalidades no mesmo previstas.

3.—Aos efectos deste imposto, terán a consideración de bens inmobles rústicos, urbanos e de características especiais os definidos como tales na Lei 48/2002 de 23 de decembro do catastro inmobiliario. Segundo a disposición transitoria primeira da citada Lei, a clasificación de bens inmobles rústicos e urbanos establecida nela terá efectividade desde o 1 de xaneiro do 2006. Até devandita data os bens inmobles que figuren ou se den de alta no catastro inmobiliario terán a natureza que lles corresponda conforme á normativa anterior.

